

1. Criterios sobre a avaliación, cualificación e promoción do alumnado

O alumnado será avaliado de acordo cos seguintes criterios:

As **probas escritas** terán un peso dun 70% na nota de cada avaliación.

A **iniciativa e interese** mostrados polo alumno teran un peso de un 10% na nota en cada avaliación.

- ▲ Coidado do material na aula-taller.
- ▲ Interese e participación.

As **produccións do alumnado** terán un peso de un 20% da nota en cada avaliación:

- ▲ Traballos e exposicións orais.
- ▲ Probas e tarefas sobre os contidos impartidos realizadas por escrito e/ou en liña.
- ▲ Proxectos e prácticas.
- ▲ Resolución de problemas.
- ▲ Utilización do equipamento informático e o software.

En cada avaliación:

- ▲ A recuperación de materia suspensa terá lugar despois de cada avaliación, e de ser necesario, a través dun exame final no mes de xuño.
- ▲ A avaliación considérase aprobada se a media ponderada é de 5.
- ▲ No caso de que se comprobase que algún alumno/a nalgunha proba obxectiva, practica ou traballo non foi el quen realizou a proba ou que empregou medios non permitidos para realizala, plaxiou probas doutros compañeiros, empregou dispositivos electrónicos, etc, esta proba quedará eliminada e valorada con un cero. Isto implica a non superación da avaliación e a recuperación desta parte. No caso de que fora unha cuestión ou pregunta, anularíase esta só.

Avaliación de xuño:

- ▲ A nota da avaliación ordinaria de xuño será a media das notas das tres avaliacións.
- ▲ A materia pode aprobarse en xuño sempre e cando a media das tres avaliacións sexa un 5.
- ▲ Avaliación de setembro
- ▲ O alumnado que non aprobe a materia en xuño dispón da convocatoria extraordinaria de setembro para examinarse.
- ▲ Nesta convocatoria o alumnado non será examinado de traballo práctico no taller, só terá que realizar un exame escrito.
- ▲ Superarán a proba aqueles alumnos/as que obteñan un 5.



2. Concreción para cada Estándar de Aprendizaxe avaliable da Temporalización, Grao mínimo de consecución para superar a materia.

A continuación se desglosan para cada unha das distintas materias impartidas polo departamento os graos mínimos de consecución e a temporalización por trimestres dos distintos estándares de aprendizaxe.

2.1 Tecnoloxía 2º curso da ESO:

Bloque	Estandar de Aprendizaxe	Grao Mínimo De Consecución	Temporalización
B1	Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	Realiza un bosquejo claro a lapis, para dar solución a un problema técnico sinxelo da vida cotiá, usando se o considera oportuno a cor e anotacións en relación ao material empregado e as súas partes, usando o vocabulario técnico aprendido.	1º, 2º
	Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo	Participará na realización dunha folla de procesos coa secuencia de operacións tecnolóxicas para realizar o prototipo escollido, indicando as ferramentas, o tempo e os materiais necesarios. Realizarase tamén un croquis, as vistas do obxecto e a súa acotación.	1º, 2º
	Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico sinxelo, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	O alumno participará, dentro do rol que teña no seu grupo, na construción no taller do prototipo escollido polo grupo para a solución do problema técnico plantexado, empregando as ferramentas con seguridade e hixiene	2º
	Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.	Respecta aos compañeiros Respecta aos profesores	1º, 2º, 3º



Bloque	Estandar de Aprendizaxe	Grao Mínimo De Consecución	Temporalización
		Respecta ó material	
B2	Representa mediante vistas e perspectivas obxectos e sistemas técnicos, mediante esbozos e empregando criterios normalizados de cotación e escala	Representa as vistas e perspectivas de obxectos técnicos e é capaz de facelo a man e usando instrumento de debuxo con criterios normalizados de cotación e escala.	1º
	Interpreta esbozos e bosquexos sinxelos como elementos de información de produtos tecnolóxicos	Comprende esbozos de pezas Comprende símbolos de circuítos eléctricos.	1º
	Produce os documentos relacionados cun prototipo sinxelo empregando software específico de apoio.	Coñece un procesador de texto.	1º, 2º, 3º
B3	Describe as características propias dos materiais de uso técnico.	Clasifica os materiais. Coñece os diferentes tipos de madeiras. Identifica as propiedades e os usos máis habituais.	3º
	Identifica tipos de materiais con que están fabricados obxectos técnicos cotiás.	Clasifica os tipos de madeiras. Diferencia entre madeiras naturais e artificiais..	3º
	Identifica e manipula con seguridade as ferramentas do taller en operacións básicas de conformación dos materiais de uso técnico.	Emprega as ferramentas necesarias coa madeira. Distingue as ferramentas de madeiras das empregadas con outros materiais. Coñece o comportamento das madeiras ante diferentes accións externas Fabrica pezas e obxectos de madeira, empregando as ferramentas axeitadas para este material.	2º, 3º
	Elabora un plan de traballo no taller con	Coñece as normas de seguridade para a manipulación de materiais e	2º, 3º



Bloque	Estandar de Aprendizaxe	Grao Mínimo De Consecución	Temporalización
	especial atención ás normas de seguridade e saúde.	ferramentas Colabora na limpeza e conservación en bo estado das ferramentas, máquinas do taller.	
B4	Describe audiovisual ou dixital, as características propias que configuran os tipos de estruturas, apoiándose en información escrita.	Identifica os elementos básicos de algunhas estruturas resistentes.	2º
	Identifica os esforzos característicos e a súa transmisión nos elementos que configuran a estrutura.	Diferencia os esforzos que aparecen en diferentes estruturas. Representa en gráficos os diferentes esforzos en obxectos próximos a eles. Constrúe unha estrutura sinxela.	2º
	Describe, mediante información escrita e gráfica, como transforman e transmiten o movemento distintos mecanismos.	Recoñece os principais mecanismos e explica o seu funcionamento. Diferencia entre mecanismos de transformación e transmisión do movemento.	2º
	Calcula a relación de transmisión de elementos mecánicos como as poleas e as engrenaxes.	Emprega as fórmulas e unidades axeitadas para o cálculo.	2º
	Explica a función dos elementos que configuran unha máquina ou un sistema desde o punto de vista estrutural e mecánico.	Identifica os diferentes mecanismos dunha máquina. Predice os movementos dos compoñentes dun sistema formado por varios mecanismos.	2º
	Simula mediante software específico e mediante simboloxía normalizada sistemas mecánicos.	Emprega software tipo Cocodrile para simulación por ordenador.	2º
	Deseña e monta sistemas mecánicos que	Deseña e constrúe un obxecto empregando algún dos mecanismos de	2º



Bloque	Estandar de Aprendizaxe	Grao Mínimo De Consecución	Temporalización
	cumpran unha función determinada.	transmisión estudiados.	
	Deseña e monta circuítos eléctricos básicos empregando lámpadas, zumbadores, motores, baterías e conectores.	Identifica os compoñentes básicos nun circuíto. Define e diferencia as magnitudes básicas. Coñece o funcionamento dos compoñentes. Constrúe obxectos sinxelos que empregan algúns dos elementos eléctricos estudiados.	3º
	Deseña circuítos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.	Emprega software tipo Cocodrile para simulación por ordenador.	3º
B5	Identifica as partes dun computador.	Coñece as principais aplicacións do ordenador na vida diaria As coñece visualmente. Recoñecer os compoñentes dun ordenador persoal e a súa función.	3º
	Manexa programas e software básicos.	Coñece as principais funcións e posibilidades do procesador de texto. Crea, almacena e recupera documentos sinxelos. Crea documentos que conteñan, textos, imaxes e táboas.	1º, 2º, 3º
	Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.	Trata o ordenador correctamente. Coida do estado do mesmo. Coida e custodia correctamente os cascos, cando os precisan. Non entra en redes sociais. Só entra en YouTube ou similares cando é preciso para a clase. Non utiliza o móbil, agás para fotos, vídeos ou Apps relacionadas coa clase.	1º, 2º, 3º
	Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos sinxelos con equipamentos informáticos.	Sabe facer resumos dos seus traballos Sabe pasalos a soportes informáticos diversos	1º, 2º, 3º



Bloque	Estandar de Aprendizaxe	Grao MÍNIMO De Consecución	Temporalización
	Deseña e elabora aplicacións informáticas sinxelas mediante un contorno de programación gráfico.	Emprega programa estilo app inventor ou scratch	3º



2.2 Tecnoloxía 3º curso da ESO:

Bloque	Estandar de Aprendizaxe	Grao Mínimo De Consecución	Temporalización
B1	Deseña un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	Presenta todos os proxectos pedidos	1º, 2º, 3º
	Elabora a documentación necesaria para a planificación da construción do prototipo.	Presenta anteprojecto	1º, 2º, 3º
	Constrúe un prototipo que dá solución a un problema técnico, mediante o proceso de resolución de problemas tecnolóxicos.	Os proxectos presentados funcionan	1º, 2º, 3º
	Traballa en equipo de xeito responsable e respectuoso.	Respecta aos compañeiros Respecta aos profesores Respecta ó material	1º, 2º, 3º
B2	Interpreta esbozos e bosquejos como elementos de información de produtos tecnolóxicos.	Comprende esbozos de pezas Comprende símbolos de circuitos eléctricos e electrónicos. Comprende símbolos de mecanismos de transmisión de movemento.	3º
	Produce os documentos relacionados cun prototipo empregando software específico de apoio.	Manexa correctamente un procesador de texto. Manexa correctamente un programa de presentacións. Coñece unha folla de cálculo. Coñece o QCAD e sabe facer algunha peza.	3º



Bloque	Estandar de Aprendizaxe	Grao Mínimo De Consecución	Temporalización
B3	Describe as características propias dos materiais de uso técnico, comparando as súas propiedades.	Distingue entre materiais pesados e lixeiros. Distingue entre materiais condutores e non condutores. Coñece os diferentes tipos de plásticos Coñece os materias de construción	3º
	Explica as técnicas de identificación das propiedades mecánicas dos materiais de uso técnico.	Sabe o que é a dureza dun material Sabe o que é a fragilidade, tenacidade, resistencia a tracción. Ductilidade, maleabilidade.	3º
B4	Explica os principais efectos da corrente eléctrica e a súa conversión.	Coñece diferentes tipos de centrais eléctricas. Coñece o transporte de electricidade ata os centros de consumo.	1º
	Utiliza os instrumentos de medida para coñecer as magnitudes eléctricas de circuítos básicos.	Mide resistencias co polímetro. Compara as medidas co código de cores Mide voltaxe en continua co polímetro.	1º
	Calcula as magnitudes eléctricas básicas en circuítos eléctricos sinxelos.	Coñece a Lei de Ohm Coñece a suma de resistencias en serie/paralelo Distingue os conceptos de Enerxía e potencia.	1º
	Deseña e monta circuítos eléctricos e electrónicos básicos empregando lámpadas, zumbadores, díodos LED, transistores, motores, baterías, conectadores, condensadores e resistencias.	Monta circuítos con receptores en serie Monta circuítos con receptores en paralelo.	1º
	Deseña circuítos eléctricos básicos, utilizando software específico e simboloxía adecuada, e experimenta cos elementos que o configuran.	Sabe representar en Crocodile un circuítos eléctrico. Sabe variar as condicións para ver como funcionará na realidade.	1º



Bloque	Estandar de Aprendizaxe	Grao Mínimo De Consecución	Temporalización
	Elabora un programa informático que xestione o funcionamento dun sistema de control.	Realiza programas co software LEGO NXT, utilizando algún sensor.	1º
B5	Identifica as partes dun computador e é capaz de substituír e montar pezas clave.	As coñece visualmente. Sabe montar e desmontar as memorias RAM Sabe montar e desmontar as tarxetas gráficas	2º
	Manexa espazos web, plataformas e outros sistemas de intercambio de información.	Utiliza a aula virtual para aprender contidos. Utiliza a aula virtual para facer e entregar as diferentes tarefas. Utiliza Google para obter información.	1º, 2º
	Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco.	Coñece os riscos e respecta as normas do uso das ferramentas no taller. Coñece os riscos eléctricos. Coñece a ergonomía axeitada para estar na aula e a respecta. Coñece a ergonomía axeitada para diante dun ordenador e a aplica.	1º, 2º
	Instala e manexa programas e software básicos.	Instala ou desinstala un programa de balde o demo en Windows. Manexa correctamente un procesador de texto. Manexa correctamente un programa de presentacións. Coñece unha folla de cálculo.	2º
	Utiliza adecuadamente equipamentos informáticos e dispositivos electrónicos.	Trata o ordenador correctamente. Coida do estado do mesmo. Coida e custodia correctamente os cascos, cando os precisan. Non entra en redes sociais. Só entra en You Tube ou similares cando é preciso para a clase. Non utiliza o móbil, agás para fotos, vídeos ou Apps relacionadas coa clase.	1º, 2º
	Elabora, presenta e difunde proxectos técnicos con equipamentos informáticos.	Sabe facer resumos dos seus traballos Sabe pasalos a soportes informáticos diversos	1º, 2º, 3º



2.3 Tecnoloxía 4º curso da ESO:

Bloque	Estandar de Aprendizaxe	Grao Mínimo De Consecución	Temporalización
B1	Describe os elementos e os sistemas fundamentais que se utilizan na comunicación con fíos e sen eles.	O alumno analiza e reconece os elementos e sistemas fundamentais que se utilizan na comunicación con fíos e sen fíos.	3º
	Describe as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	O alumno é capaz de describir as formas de conexión na comunicación entre dispositivos dixitais.	3º
	Localiza, intercambia e publica información a través de internet empregando servizos de localización, comunicación intergrupar e xestores de transmisión de son, imaxe e datos.	O alumno é capaz de localizar, intercambiar y publicar información a través de internet con criterios de seguridade e uso responsable. Creación en grupo dun blog.	3º
	Coñece as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco.	Coñece e pon en práctica as medidas de seguridade aplicables a cada situación de risco cando accede a servizos de intercambio e publicación de información dixital.	3º
	Desenvolve un programa informático sinxelo para resolver problemas, utilizando unha linguaxe de programación.	O alumno, a nivel individual, comprende os conceptos básicos para a elaboración dun programa informático sinxelo e o elabora, dando así resposta a un problema concreto utilizando unha linguaxe propia de programación.	3º
	Utiliza o computador como ferramenta de adquisición e interpretación de datos, e como realimentación doutros procesos	O alumno, a nivel individual e en grupo, utiliza o ordenador e outros sistemas de intercambio de información como ferramenta de adquisición e interpretación de datos, que utiliza noutros procesos.	3º



Bloque	Estandar de Aprendizaxe	Grao Mínimo De Consecución	Temporalización
	cos datos obtidos.		
B2	Diferencia as instalacións típicas nunha vivenda.	O alumno, a nivel individual, é capaz de diferenciar os tipos de instalacións que se poden encontrar nunha vivenda.	3º
	Describe os elementos que compoñen as instalacións dunha vivenda.	O alumno é capaz de interpretar e manexar simboloxía da distintas instalacións dunha vivenda.	3º
	Interpreta e manexa simboloxía de instalacións eléctricas, calefacción, subministración de auga e saneamento, aire acondicionado e gas.	Deseña con software específico algunha das instalacións dunha vivenda tipo con criterios de eficiencia enerxética.	3º
	Deseña con axuda de software unha instalación para unha vivenda tipo con criterios de eficiencia enerxética.	Deseña con software específico algunha das instalacións dunha vivenda tipo con criterios de eficiencia enerxética.	3º
	Realiza montaxes sinxelos e experimenta e analiza o seu funcionamento.	Realiza montaxes sinxelos e comprende o seu funcionamento.	3º
	Propón medidas de redución do consumo enerxético dunha vivenda.	Comprende as medidas que existen de aforro enerxético para unha vivenda, tanto nas instalacións como nos materiais de construción. Avalía e propón medidas de redución do consumo enerxético dunha vivenda.	3º
B3	Describe o funcionamento dun circuíto electrónico formado por compoñentes elementais.	O alumno é capaz de describir o funcionamento dun circuíto electrónico formado por compoñentes elementais.	1º
	Explica as características e as funcións de compoñentes básicos: resistor, condensador, díodo e transistor.	Explica e comprende as características de cada compoñente e a súa función dentro dun circuíto sinxelo.	1º



Bloque	Estandar de Aprendizaxe	Grao Mínimo De Consecución	Temporalización
	Emprega simuladores para o deseño e a análise de circuítos analóxicos básicos, utilizando simboloxía axeitada.	O alumno, de forma individual, é capaz de deseñar circuítos analóxicos básicos con software específico. Utiliza simboloxía normalizada.	1º
	Realiza a montaxe de circuítos electrónicos básicos deseñados previamente.	Realiza, de forma individual ou en grupo, montaxes electrónicas básicas, deseñados previamente con software específico e que teñan que cumprir unha función previamente establecida. Aplica o proceso tecnolóxico na resolución de problemas técnicos.	1º
	Realiza operacións lóxicas empregando a álgebra de Boole.	Identifica e realiza as operacións lóxicas básicas empregadas na álgebra de Boole.	1º
	Relaciona formulacións lóxicas con procesos técnicos.	O alumno é capaz de relacionar operacións lóxicas con procesos técnicos sinxelos.	1º
	Resolve mediante portas lóxicas problemas tecnolóxicos sinxelos.	O alumno, de forma individual, é capaz de resolver problemas tecnolóxicos sinxelos utilizando portas lóxicas.	1º
B4	Describe os compoñentes dos sistemas automáticos.	Identifica e describe os compoñentes básicos dun sistema automático de control.	2º
	Analiza o funcionamento de automatismos en dispositivos técnicos habituais, diferenciando entre lazo aberto e pechado.	O alumno, de forma individual, é capaz de analizar o funcionamento dun dispositivo técnico sinxelo, diferenciando entre lazo aberto e pechado.	2º
	Representa e monta automatismos sinxelos.	representa e monta automatismos sinxelos que dan resposta a un problema previo plantexado na aula.	2º
	Desenvolve un programa para controlar un sistema automático ou un robot que funcione de forma autónoma en función	O alumno, de forma individual ou en grupo, diseña e pon en práctica un programa para controlar un sistema automático ou un robot para dar resposta a un problema patexado previamente.	2º



Bloque	Estandar de Aprendizaxe	Grao Mínimo De Consecución	Temporalización
	da realimentación que recibe do contorno.		
B5	Describe as principais aplicacións das tecnoloxías hidráulica e pneumática.	O alumno, de forma individual, é capaz de identificar as principais aplicacións das tecnoloxías da hidráulica e da pneumática	2º
	Identifica e describe as características e o funcionamento deste tipo de sistemas	Identifica e comprende os principios físicos de funcionamento deste tipo de sistemas.	2º
	Emprega a simboloxía e a nomenclatura para representar circuítos que resolvan un problema tecnolóxico.	Resolve correctamente problemas tecnolóxicos baseado neste tipo de sistemas, utilizando simboloxía e nomenclatura normalizada.	2º
	Realiza montaxes de circuítos sinxelos pneumáticos ou hidráulicos con compoñentes reais ou mediante simulación.	O alumno é capaz, de forma individual ou en grupo, de realizar montaxes de circuítos sinxelos pneumáticos ou hidráulicos con compoñentes reais ou mediante simulación.	2º
B6	Identifica os cambios tecnolóxicos máis importantes que se produciron ao longo da historia da humanidade	O alumno identifica, de forma individual, os principais cambios tecnolóxicos que se produciron ao longo da historia.	3º
	Analiza obxectos técnicos e a súa relación co contorno, interpretando a súa función histórica e a evolución tecnolóxica.	Análises dos principais obxectos técnicos (coa súa evolución) e a co contorno dentro da etapa histórica a que pertencen.	3º
	Elabora xuízos de valor fronte ao desenvolvemento tecnolóxico a partir da análise de obxectos, relacionado inventos e descubertas co contexto en que se	O alumno, de forma individual, é capaz de elaborar un xuízo de valor fronte ao desenvolvemento tecnolóxico a partir da análise de obxectos. Relaciona inventos co seu contexto histórico.	3º



Bloque	Estandar de Aprendizaxe	Grao Mínimo De Consecución	Temporalización
	desenvolven.		
	Interpreta as modificacións tecnolóxicas, económicas e sociais en cada período histórico, axudándose de documentación escrita e dixital.	Elabora un documento escrito e dixital, onde interprete as modificacións tecnolóxicas, económicas e sociais ao longo da historia.	3º